

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.**

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante, IGVS) é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do IGVS, e pode, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

Por outra parte, desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, de tal xeito que poidan acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio, en prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispor dunha vivenda digna e adecuada.

Para os efectos sinalados, formalizouse co Concello de Arteixo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o ano 2026 ata o ano 2033.

O convenio ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes da seguinte actuación: "Proxecto de Execución da Fase 1 da Travesía de Arteixo".

O dito proxecto ten como obxectivos:

- Humanizar a Travesía de Arteixo, seguindo tamén a liña das actuacións realizadas no núcleo urbano, mellorando as condicións espaciais e de vida da poboación.
- Mellora da accesibilidade, especialmente importante no principal núcleo urbano municipal, no que se concentran os principais servizos e dotacións.





- Fomento da cohesión social.
- Aumento da seguridade para os peóns e ciclistas, que terán preferencia sobre o tráfico rodado.
- Mellora da xestión do ciclo integral da auga, visto que a actuación na travesía garantizará a permeabilidade espacial entre a zona do parque central, inmediato ó Río Bolaños, e as novas áreas verdes asociadas ó Rego da Bidueira.
- Redución das emisións atmosféricas, tanto de CO2 como de ruído, grazas ó calzado de tráfico.
- Melloras condicións de acceso ó transporte público colectivo, grazas á habilitación de espazos adaptados e accesibles e Implementación do servizo de bicicletas municipal, grazas á mellora espacial e das condicións de seguridade vial, así como a disposición de novos puntos de anclaxe para bicicletas.

O IGVS achegará un importe de 925.000,00 euros, que será satisfeito con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025:

Órgano administrativo/entidade	Aplicación orzamentaria	Importe
Instituto Galego da Vivenda e Solo	11.81.451A.821.60	925.000,00 euros

O Concello de Arteixo comprométese a repoñer a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 anos, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do presente convenio, mediante o ingreso dos seguintes importes.

**Anualidade 2026:** 115.625,00 euros

**Anualidade 2027:** 115.625,00 euros

**Anualidade 2028:** 115.625,00 euros

**Anualidade 2029:** 115.625,00 euros

**Anualidade 2030:** 115.625,00 euros

**Anualidade 2031:** 115.625,00 euros

**Anualidade 2032:** 115.625,00 euros

**Anualidade 2033:** 115.625,00 euros





Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela,  
A directora técnica de Axudas á Vivenda

Beatriz Villaverde Piñeiro  
(Documento asinado electronicamente)

